

AXUDAS: PROXECTOS DE PROBAS DE CONCEPTO 2022



AGENCIA
ESTATAL DE
INVESTIGACIÓN



AXENCIA GALEGA
DE COÑECEMENTO
EN SAÚDE



FINALIDADE DAS AXUDAS:

- **Contribuir ao fortalecemento das estratexias de transferencia e explotación de coñecementos e resultados dos grupos de investigación e das propias institucións do sistema de I+D+i**
- **Fomentar e acelerar a transferencia de coñecementos e resultados xerados nos proxectos financiados pola AEI, así como a explotación dos mesmos como produtos, bens, aplicacións ou beneficios para a economía, a sociedade, a cultura, ou as políticas públicas.**
- **Fomentar espírito emprendedor e innovador dos grupos de investigación, contribuindo a súa capacitación a través de actividades de formación, asesoría ou mentoría.**



CARACTERÍSTICAS DAS PROPOSTAS (I):

- A idea, coñecemento ou resultado obxecto da proba de concepto (PdC) deben **provir ou estar estreitamente vencelladas coa execución dun proxecto de investigación financiado pola AEI nas convocatorias 2018 e 2019, dos seguintes programas:**
 - *"Programa de Generación de Conocimiento"*
 - *"Programa de I+D+I Orientada a los Retos para la sociedad"*
- As propostas deberán demostrar que **se dispón de coñecementos ou resultados que supoñan un avance científico-técnico, que sexan innovadores e que poidan demostrar un potencial de transferencia, aplicación ou explotación, con beneficios para a economía, a sociedade, a cultura, ou as políticas públicas**
- As propostas deberán propoñer **un plan de implementación que concrete as previsións respecto da protección, transferencia, aplicación ou explotación dos resultados, con fitos ben definidos, no que se xustifique a súa necesidade e impacto esperado.**



CARACTERÍSTICAS DAS PROPOSTAS (II):

- Non se financiarán actuacións que **directa ou indirectamente, ocasionen un perxuízo significativo ao medio ambiente (DNSH) de acordo co “Reglamento de Taxonomía”**
- Os proxectos PdC deberán estar orientados a **progresar, alomenos, nas primeiras etapas do desenvolvemento pre-competitivo e a facilitar a súa transferencia ou a súa explotación**
- Os proxectos de PdC **non poderán estar orientados á continuación da investigación do proxecto previo**
- Poderán presentarse solicitudes a **calqueira das áreas e sub-áreas temáticas da AEI**



OBRIGAS DOS SOLICITANTES:

- Os solicitantes deberán informar acerca das etapas que pretenden percorrer na proposta para PdC , así como **dos niveis de maduración tecnolóxica (TRL) previstos**
- Os solicitantes deberán **informar do nivel medio de maduración tecnolóxica de partida** na que se considera que se atopan os resultados obxecto do proxecto
- Os solicitantes deberán informar na solicitude **sobre a entidade ou entidades propietarias dos coñecementos ou resultados da investigación obxecto do proxecto de PdC e as porcentaxes da propiedade; e a situación actual da protección do coñecemento ou resultado da investigación obxecto do proxecto.**



DURACIÓN E ORZAMENTO DAS AXUDAS:

- A duración dos proxectos será de **2 anos**
- O financiamento estará directamente relacionada coas actividades propostas e a súa adecuación aos obxectivos do proxecto e coa finalidade da convocatoria.
- O financiamento en ningún caso será superior a **150.000 € por proxecto en custos totais** (aproximadamente 130.000€ en custos directos)
- Este límite de axuda será de aplicación **por proxecto, tanto individual como coordinado**. Polo tanto, neste último caso, o límite aplica á suma das axudas que se outorguen aos subproxectos do proxecto coordinado.



ACTIVIDADES FINANCIABLES (I):

- **Desenvolvemento tecnolóxico necesario para a **conversión dos resultados da investigación nun proceso de creación de valor, con potencial innovador.****
- **Análise da viabilidade técnica, comercial ou social dos resultados obxecto da proba de concepto (PdC).**
- **Obtención de prototipos, demostración a escala piloto, probas con usuarios finais, ou outras actividades que permitan a validación do resultado, proceso ou produto o seu paso a escala real.**
- **Establecemento de colaboracións e contactos con empresas, e outros axentes sociais, organizacións culturais, responsables de políticas e servizos públicos ou outros potenciais usuarios finais dos resultados do proxecto.**



ACTIVIDADES FINANCIABLES (II):

- **Protección do coñecemento e xestión estratéxica dos dereitos de propiedade industrial e intelectual (DPI) vencellada á tecnoloxía ou o coñecemento obxecto da PdC.**
- **Accións encamiñadas á transferencia e explotación dos resultados; elaboración do plan de negocio e previsión de financiamento para etapas posteriores.**
- **Actuacións iniciais para a creación dunha empresa (spin off, empresa baseada no coñecemento (EBT), entre outros).**
- **Actividades de formación, mentoría ou asesoría que contribúan a desenvolver e fortalecer as capacidades de emprendemento do equipo investigador.**
- **Outras actividades necesarias para a transferencia efectiva, aplicación ou explotación dos resultados da investigación, debidamente xustificadas.**



ENTIDADES BENEFICIARIAS:

- **As seguintes persoas xurídicas que estean válidamente constituídas e teñan residencia fiscal ou establecemento permanente en España:**
 - **Entidades e institucións sanitarias públicas e privadas sen ánimo de lucro, vencelladas ou concertadas co Sistema Nacional de Saúde, que desenvolvan actividades de I+D+i.**
 - **Institutos de investigación sanitaria acreditados** conforme ao establecido no Real Decreto 279/2016, do 24 de xuño, sobre acreditación de institutos de investigación biomédica ou sanitaria e normas complementarias.
 - **Organismos públicos de investigación**
 - **Universidades públicas, os seus institutos universitarios, e as universidades privadas con capacidade e actividade demostrada en I+D+i.**
 - **Outros centros públicos de I+D+i, con personalidade xurídica propia, que nos seus estatutos ou no seu obxecto social ou na normativa que os regule, teñan a I+D+i como actividade principal.**
 - **Centros privados de I+D+i, sen ánimo de lucro e con personalidade xurídica propia, que teñan definida nos seus estatutos ou no seu obxecto social ou na normativa que os regule, a I+D+i como actividade principal.**



CARACTERÍSTICAS DOS PROXECTOS:

- Os proxectos poderán realizarse de **forma individual**, con un/unha ou dous IP e un equipo de investigación, ou de **forma coordinada**, con varios subproxectos (máximo 6), cada un deles con un/unha ou dous IP e un equipo de investigación
- A realización do proxecto de PdC deberá ser na mesma forma - individual ou coordinada- que o proxecto de investigación financiado do que deriva.
- Un **única solicitude para cada un dos proxectos de orixe**. Non poderá presentarse máis dun proxecto individual por cada proxecto coordinado de orixe.
- Os proxectos de PdC deberán estar dirixidos por **o/a IP ou os/as IPs que teñan dirixido o proxecto de investigación do que se deriva**.

Prazo de presentación :

Dende o 17 de maio do 2022 ate o 31 de maio do 2022 ás 14:00

Documentos coa solicitude:

- **Formulario electrónico da solicitude**
- **Memoria científico-técnica do proxecto**
- **"Curriculum Vitae" abreviado (CVA) da ou das persoas IP, en modelo normalizado.**
- **As entidades ás que pertenza o/a IP e as persoas do equipo de investigación deberán estar rexistradas en SISEN.**
- **Ademáis do IP, as persoas que participan tanto no equipo de investigación como no equipo de traballo deberán asinar a solicitude.**

